



ANUNCIO

O Pleno deste Concello, na sesión celebrada o pasado día 3 de novembro de 2007, acordou aprobar provisionalmente a modificación ou reformulación das Ordenanzas Fiscais que seguidamente se indicarán. Exposta ó público a devandita aprobación provisional, mediante publicación de anuncio no BOP nº 258, do 8 de novembro de 2007, sen que se presentase reclamación ou alegación algunha, mediante o presente publicanse os textos íntegros desas Ordenanzas Fiscais, que son os seguintes:

ORDENANZA FISCAL N° 17, REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Artigo 1. - Obxecto

De conformidade co previsto no artigo 117, en relación co artigo 41.b) do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, este Concello establece o prezo público pola utilización do servizo de axuda no fogar (SAF)

Artigo 2. - Obrigados ao pagamento.

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado mediante a presente Ordenanza as persoas ás cales se presten polo Concello traballos de axuda no fogar co establecido na Orde do 22 de xaneiro de 2009 da Vicepresidencia para a Igualdade e o Benestar pola que se regula o servizo de axuda no fogar.

Artigo 3. – Determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo.

1. Considerarase persoa usuaria do servizo aquela para a que se solicita o servizo, e no caso particular da intervención con familias, entenderase como persoa usuaria un dos membros adultos da unidade de convivencia responsables dos menores que forme parte dela.
2. A capacidade económica das persoas usuarias do SAF calcularase en atención á súa renda, e se é o caso, ao seu patrimonio. Teráanse en conta, ademais, as persoas conviventes e economicamente dependentes da persoa usuaria.
3. A renda valorarase atendendo aos ingresos netos que perciban: rendementos de traballo, incluídas pensións e prestacións de prestación social, calquera que sexa o seu réxime; os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais.
4. Para o cómputo do patrimonio estarase ao disposto na normativa fiscal en vigor sobre o patrimonio, entendéndose por tal o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexa titular a persoa usuaria do servizo, con dedución das cargas e gravames que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das que deba responder. Considéranse exentos do cómputo a vivenda habitual en que se preste o servizo e os bens e dereitos cualificados como exentos na normativa aplicable sobre o Imposto do patrimonio. Nos supostos de cotitularidade, só se terá en consideración a porcentaxe correspondente á propiedade do beneficiario.
5. No caso de que a persoa usuaria tivese cónxuxe ou parella de feito, as rendas de ambos os dous terán a consideración de rendas computables, entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos de ambos os dous membros da parella.



CONCELLO DE SAN SADURNIÑO (A Coruña)

correo@sansadurnino.dicoruna.es

R.E.L. n_1575001 N.I.F.:P1507700A

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.

15560 SAN SADURNIÑO

Tel.: 981495205-Fax: 981490474

6. A capacidade económica por razón de renda determinarase dividindo a renda ou rendas computables, de acordo co número anterior, entre a suma dos seguintes conviventes: o perceptor ou perceptores de rendas computadas e, se é o caso, o cóxuxe e os ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade, que dependesen economicamente dos citados perceptores.
7. A capacidade económica resultante será a correspondente á renda da persoa usuaria, calculada de acordo cos números anteriores, modificada á alza, se fose o caso, pola suma dun 5% do valor do patrimonio neto que supere o mínimo exento para a realización da declaración do imposto sobre o patrimonio en vigor a partir dos 65 anos de idade, dun 3% dos 35 aos 65 anos e dun 1% menores de 35 anos.
8. Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes á última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida.
9. Para a actualización da información relativa á capacidade económica, os usuarios presentarán, antes do final de febreiro de cada ano, xustificación documental das circunstancias socioeconómicas tidas en conta para o acceso ao servizo.

Artigo 4. - Base imponible

Aos efectos previstos para a aplicación das tarifas do artigo 4, establécese o prezo da hora de prestación do servizo en 12 €, revisable anualmente e de forma automática segundo o índice de prezos ao consumo (IPC) publicado polo Instituto Nacional de Estatística.

Artigo 5. – Participación económica das persoas usuarias do SAF

Para os efectos da aplicación das tarifas tomarase como referencia o indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM).

A contía do prezo público regulado na presente ordenanza, de conformidade co artigo 45.3 da Lei 39/1988, será a fixada na tarifa contida nos apartados seguintes:

1. No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria sexa igual ou inferior ao IPREM, quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.
2. Para o resto dos supostos establécese os seguintes tramos de copagamento en función da capacidade económica da persoa usuaria en relación co IPREM:

INGRESOS EN RELACIÓN AO IPREM	COPAGAMENTO ORIENTATIVO
Entre o 100% e o 150%	10%
Entre o 150% e o 200%	12%
Entre o 200% e o 250%	15%
Entre o 250% e o 300%	20%
Entre o 300% e o 350%	28%
Entre o 350% e o 400%	37%
Entre o 400% e o 450%	45%
Entre o 450% e o 500%	60%
▪ 500%	65%

3. Sen prexuízo do establecido no punto anterior, poderán preverse excepcións aos criterios xerais no caso en que a problemática principal atendida sexa a desestructuración familiar e se procure a protección e integración social de menores de idade en risco de exclusión, mediante resolución motivada do órgano competente para acordar a concesión do servizo, da



CONCELLO DE SAN SADURNIÑO (A Coruña)

correo@sansadurnino.dicoruna.es

R.E.L. n_1575001 N.I.F.: P1507700A

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.

15560 SAN SADURNIÑO

Tel.: 981 495 205 - Fax: 981 490 474

que en todo caso deberá deixarse constancia no correspondente expediente.

Artigo 6. – Modalidades de acceso ao servizo

O acceso ao servizo producirase a través do departamento de servizos sociais, de acordo coas seguintes modalidades:

1. O acceso será directo para persoas que, tendo recoñecida a situación de dependencia se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, e producirase tan pronto como o permita a dispoñibilidade de persoal polo Concello.
2. Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo de prescrición técnica favorable do departamento de servizos sociais, resolverase en réxime de libre concorrencia de acordo cos criterios establecidos na orde do 22 de xaneiro de 2009.
3. De igual maneira á expresada no punto anterior procederase nas situacións nas que a problemática principal estea relacionada con aspectos convivenciais e socioeducativos.
4. O traballador social emitirá informe proposta que elevará ao señor Alcalde-Presidente para a súa resolución pola Xunta de Goberno Local, que determinará a forma de prestación do servizo, atendendo aos criterios establecidos polos servizos sociais municipais.

Artigo 7. - Obriga de pagamento

A obriga de pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza, nace dende que se inicia a prestación do servizo de axuda no fogar.

As liquidacións de prezos practícaranse por meses naturais e aboaranse nos primeiros quince días naturais do mes seguinte. O abono efectuarase mediante cargo na conta corrente ou libreta de aforros que o solicitante do servizo deberá indicar no modelo oficial de solicitude.

Artigo 8. - Normativa subsidiaria.

Para todo o non previsto na presente Ordenanza, se estará ao establecido na Orde do 22 de xaneiro de 2009.

Disposición Final.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día seguinte da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

San Sadurniño, febreiro de 2009.

O ALCALDE,
Asdo.: Secundino Garcia Casal.